

**TRABALINGUAS: Primeiro viñeron polos tatexos e puxéronnos tesos (os demais quedamos calados).**

**Aos zarabetos déronlles candeas coa man (os demais quedamos calados).  
Despois viñeron polos que falan coa boca chea e puxéronnos a xexún, a todos menos a un (os demais quedamos calados).  
Aos falabaratos racionáronlles as palabras, e a cada tres tiñan que dar traspés (os demais quedamos calados).  
Cando viñeron por nosoutros e quixemos falar decatámonos de que eramos mudos.**

## **xELÍS DE TORO**

O texto pertence a "Algunos apartamentos de Miquelaris Lúcio Elche", incluído no volume "Lenguas Ligas" que editara recentemente Xerak e a Mesa para a Normalización Lingüística cos medios de 18 empresas de unidades.




Suplemento de O Correo Galego que aparece os xoves. Coordinación: A.R. Lopez e Soledade Noia.  
Deseño: Anton Lopo; Maquetación: Carme Botana. Fotografía: Chico Miras e Chicho Seoane.  
Infografía: Teresa Tojo, Fran Domínguez e Alberto Rivadulla.  
E-mail: rdl@corraogallego.es



revista das letras 421



# Día 15: unha cita coa lingua



# a

**NINGUÉN DUBIDA, MENOS A MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA (MNL), DE QUE SE PRECISA UN NOVO PULO NORMALIZADOR. LOGO DE QUE CORENTA SOCIOS E SOCIAS DA ORGANIZACIÓN QUE ESTE ANO CUMPRE 16 ANOS DE VIDA FORZARAN UNHA ASEMBLEA EXTRAORDINARIA PARA O PRÓXIMO 15 DE XUÑO, CARLOS CALLÓN E EMILIO INSUA POSTÚLANSE PARA SUCEDER A DEMISIONARIA CONCHA COSTAS, NA PRESIDENCIA DO COLECTIVO DENDE HAI CINCO ANOS. TANTO INSUA, MEMBRO DA TAMÉN DEMISIONARIA PERMANENTE DA MESA, COMO CALLÓN XUNTO CON CONCHA COSTAS E XOSÉ MANUEL SARILLE, QUEN LEVARA AS RENDAS DO COLECTIVO DURANTE ONCE ANOS, ACHEGAN PARA REVISTA DAS LETRAS AS CLAVES DUN RECAMBIO ANUNCIADO E DUN PROCESO DE RENOVACIÓN NO QUE A REALIDADE OBRIGA: OBRIGA A PERDA DE FALANTES, O ALARMANTE ÍNDICE DE DESGALEGUIZACIÓN OU AS DESORBITADAS CIFRAS DE RUPTURA DE TRANSMISIÓN INTERXENERACIONAL DO GALEGO. A CITA SERÁ O PRÓXIMO DÍA 15 DE XUÑO DENDE AS CATRO DA TARDE NA FACULTADE DE FILOLOXÍA EN COMPOSTELA.**

lingua galega, como calquera, non é aséptica; non se esteriliza en laboratorios, nin se mete en formol anque son moitos os que, avéntando esta posibilidade de auténtica conversión litúrxica, levan anos traballando na súa reivindicación. A realidade, sábeo ben a Mesa Pola Normalización Lingüística (MNL), obriga. Obrigan os alarmantes índices de desgalearización no ensino, a perda de falantes, a caída do emprego do galego nos núcleos urbanos ou as desorbitadas cifras de ruptura de transmisión interxeneracional: só o 25 por cento dos rapaces e rapazas menores de 18 anos emprega como lingua materna o galego.

Ninguén dubida, e menos a MNL, de que se precisa un novo pulo normalizador e ¿porque non? recuperar o conflito que, non é, nin por asomo, algo negativo anque sempre haxa quen nas diferentes miradas e perspectivas vexan enrubescidas crises, chanten signos de fantástica incerteza ou menten unha enlañada crispación. Corenta socios e socias da Mesa pola Normalización Lingüística (MNL) forzaron para o próximo 15 de xuño unha asemblea extraordinaria onde a súa actual presidenta, Concha Costas, fará efectiva a súa dimisión. Non falta espectacular, tampouco certo malestar ante un proceso de renovación que, ante a inesperada interpelación, obrigou a intervir a Comisión de Garantías da MNL: un órgano que actúa en caso de conflito e que acordou a devandita asemblea. A decisión, non compartida pola actual dirección, desatou hai uns días a dimisión en pleno da actual permanente da Mesa.

Pero tampouco se perde de vista que a lingua non é musa de museo. Tamén as rúas e prazas son epidermis dun conflito engaiolado, con máis ou menos doses de rutina. No Suso, esquina co Toural, fálase entre algúns dunha galopante política de *comenración Lingüística*; no Rúa Nova, paralela ó Suso, discútese a necesidade dun gran pacto social fronte outros que salientan a total falta de ideas. Confeccións improvisadas onde moitos, socios ou non da Mesa, recordan as campañas máis míticas da organización —contra a representación do Valle-Inclán en español polo CDG; polo uso do topónimo A Coruña; a reivindicación do galego do exterior ou o apoio á normativa da concordia activada pola AS-PG e consensuada polas departamentos de galego das tres Universidades galegas, entre outras —mentres valoran, alarmados, a posibilidade de que exista un soberbio sistema literario galego, mesmo cobizado, pero sen lingua.

Búscase, ás claras, ese novo novo pulo normalizador. E búscano as dúas candidaturas que concorren o recambio na dirección da MNL: a de Carlos Callón —respaldada por un histórico da Mesa, Xosé Manuel Sarille que, ademais de ser o seu presidente once anos dos 16 que ten a organización, consolidou a asociación— e a de Emilio Insua —respaldada pola propia directiva dimisionaria nunha aposta por conquistar un “gran pacto social pola Lingua”, e a que o seu actual vi-

cepresidente, Xosé Baldomir, cualifica de “recambio natural”. Eis a confrontación á que se atende e sobre a que terán que decidir os tres mil socios da Mesa. Eis diferentes teses que outros colectivos en defensa da lingua miran atentos. Tal é o caso da CIG-Enseño que, sen intención de inmiscuirse nunha organización que ven soberana, aposta en palabras do seu secretario xeral, Anxo Louzao, por un traballo conxunto baixo a premisa de *canto máis millor*. Bota de menos Louzao un “compromiso social por parte das institucións e un compromiso lingüístico por parte de certas organizacións” recordando ó tempo como a CIG-Enseño ten no proceso de galeguización un dos seus eidos fundacionais e irrenunciáveis. “A lingua —engade— é un patrimonio que está por riba de calquera organización”. Fronte a esta visión hai outros colectivos, como a MDL, que entenden que “a presenza de forzas políticas debe ser posta de parte para evitar a reprodución de debates estéreis e confrontos que em nada beneficiam a lingua”. Segundo a súa voceira Sílvia Capom, deben ser os colectivos en defensa da lingua, “desvinculados de forma definitiva de quaisquer posicións políticas, os protagonistas, os que levemos a voz cantante”.

O futuro da Mesa, organización independente, dependerá da asemblea do 15 de xuño. Probablemente, non será —como aconteceu hai cinco anos, cando Concha Costas sucedeu a Sarille— un momento de renovación tranquila, pero a organización deberá superar os síntomas de calquera malestar para seguir abanderando a defensa dos dereitos lingüísticos dos galego-falantes. Tal vez, o cansazo fixo mella nos últimos anos e medrou o escepticismo. As dúas candidaturas son conscientes diso e, por iso, ambas urxen un cambio. Ese é o cambio que Insua e Callón, xunto a Concha Costas e Xosé Manuel Sarille, analizan ó miúdo para a RdL nestas páxinas.

## [Un Pacto social]

A necesidade de conformar no curto-meio prazo un “grande Pacto Social pola Lingua” é o eixo do programa presentado por Insua para a asemblea do día 15 no que fai un chamamento “á maior cantidade de persoas, entidades, colectivos e institucións de todo tipo na tarefa normalizadora, dotando-a así dun novo pulo”. Entende Insua que a Mesa, como organización cívica, debe ter un papel de “locomotora” neste proceso abrindo ó diálogo cunha dobre finalidade: sumar esforzos recíprocos en campañas e proxectos e proceder a elaboración conxunta dun Plano Xeral de Normalización que poida ser asumido polos homes e mulleres de Galiza.

Carlos Callón, socio fundador das mocidades da asociación, presentou onte xunto con Luz Castro, fundadora da plataforma do galego na informática, e Xosé Manuel Sarille, o seu programa de *tres eixos de acción para unha nova práctica*. O primeiro: priorizar o feche dos campos de reivindicación abertos no comezo da democracia, entre eles o toponímico, ó entender que nestes momentos hai posibilidades reais de solventar definitivamente. O segundo: superar a *política de homenaxe* entre os sectores máis conscientes da lingua, incluídas as institucións ou organizacións sensíbeis que ó seu ver non practican neste momento unha práctica eficiente. O terceiro: o desenvolvemento dunha “política transversal” que postule unha aproximación real ao mundo brasileiro e portugués coa recuperación do Proxecto Alén Miño. Supón, en palabras de Callón, “retomar os obxectivos fundacionais da Mesa e garantir e responder ás agresións lingüísticas”. É, segundo Sarille, rematar coa etapa presidencialista e superar o modelo de asociación cultural cunha nova e inédita estrutura organizativa: nela contéplase a creación dunha Fundación que, dirixida polo propio Sarille, encintaría nun segundo plano o labor de formación referida a normalización lingüística e de sensibilización, cun novidoso laboratorio de ideas onde se activarían tamén o proxecto Alén Miño. En todo caso a reorganización completariáase coa figura dun xestor, un secretario xeral e un director de comunicación. “A mesa e a Fundación serían como espellos, complementaríanse”, informou Sarille que como Callón denunciaron onte “o esmorecemento nos últimos anos onde as iniciativas foron escasas da Mesa” que definiron como a “casa común de todos e todas que traballan coa lingua”. A cita: o próximo 15 de xuño.

# Novo pulo

“*Necesitamos conformar no curto-meio prazo un Grande Pacto Social pola Lingua, que some á maior cantidade posíbel de persoas, entidades, colectivos e institucións de todo o tipo na tarefa normalizadora, dotando-a así dun novo pulo*”



# e

Entre as resolucións que aprobamos os/as asistentes ao *Encontro Nacional sobre a Lingua* celebrado o pasado 25 de maio, en Compostela, a instancias da Mesa pola Normalización Lingüística, figuran dúas que, ao noso entender, van marcar indefectiblemente no futuro inmediato as orientacións da práctica totalidade de entidades cívicas en defensa do galego.

A primeira ten a ver coa necesidade de retomarmos a “tensión” normalizadora, combinando denuncia, reivindicación e presentación de alternativas e actividades “en positivo”. Un auténtico imperativo da hora presente, á vista do fracaso estrepitoso da política lingüística dos sucesivos gobernos na etapa autonómica, é elaborar-

mos dunha vez por todas un *Plano Xeral de Normalización Lingüística* entre todos os colectivos interesados, quer cívicos, quer institucionais (Academia, Departamentos das Universidades, Consello da Cultura...), que contemple obxectivos e medidas concretas, prazos, medios de execución e ferramentas de avaliación dos resultados e que, máis cedo que tarde, acabe sendo asumido e executado pola Administración.

A filosofía do *laissez faire*, nuns casos; do concepto pseudo-científico do *bilíngüismo harmónico*, noutros; e da pura e simple imposición do español, noutros máis, teñen conducido á situación actual. Á luz de informes como os da Real Academia Galega, a Unesco e outros, o fracaso da política de normalización seguida pola Administración autonómica é clamoroso. Exercer como galego-falante no noso país en todos os ámbitos e en toda caste de ambientes continua a ser un esforzo de vontade continuo e unha fonte de experiencias na maioría das ocasións pouco ou nada gratificantes. Que o digan senón, poñamos por caso, moitos dos nosos fillos e fillas cando comezan a etapa escolar e ven como a lingua da casa fica proscribida, relegada, oculta, ficando convertidos eles en “estraxeiros” na súa propia terra.

O fracaso desa política oficial é froito da falta de vontade, do despilfarro de recursos, da propositada ritualización do idioma e da indiferenza, cando non hostilidade, cara ás organizacións e as propostas que cuestionaron esa política.

Necesitamos conformar no curto-meio prazo un Grande Pacto Social pola Lingua, que some á maior cantidade posíbel de persoas, entidades, colectivos e institucións de todo o tipo na tarefa normalizadora, dotando-a así dun novo pulo. O Encontro do pasado sábado 25 de maio serviu para constatar unha coincidencia básica entre a práctica totalidade de persoas, colectivos e entidades interesadas na normalización sobre a gravidade da situación que atravesamos na actualidade o galego. A perda continua de falantes nos vinte anos de autonomía transcorridos, a grave ruptu-

ra na transmisión interxeracional que se está a producir, a pírrica presenza da nosa lingua en múltiples e importantes áreas e ámbitos da sociedade, o incumprimento xeralizado da lexislación no ensino, a persistencia de desobediencias toponímicas, etc. son síntomas que falan ben ás claras desa gravidade.

A segunda resolución aprobada no Encontro incide na urxente colaboración e coordinación, desde o respecto ao pluralismo e á autonomía organizativa, entre as diversas entidades normalizadoras, co fin de garantir, cando menos, **a)** o respecto para os dereitos lingüísticos dos galego-parlantes en todos os ámbitos, **b)** a intensificación dos esforzos normalizadores en áreas decisivas como o Ensino, a Igrexa, os Meios de Comunicación, o Lecer infanto-xuvenil, os Deportes, a Internet, etc.

A organizacións cívicas como A MESA corresponderá-lles, evidentemente, un papel de “locomotora” neste proceso. No futuro inmediato, A MESA concretamente, alén de intensificar a súa interlocución coa sociedade en xeral, deberá abrir unha rolda de contactos con todos os outros colectivos, entidades e individuos interesados na normalización. A finalidade deste diálogo será dupla: **a)** sumar esforzos reciprocamente en proxectos e campañas que se desenvolvesen de agora en diante (coa pauta dada por experiencias como o acto de Vilafranca do Bierzo ou o Encontro Nacional sobre a Lingua); **b)** proceder á elaboración conxunta dese *Plano Xeral de Normalización* que poida ser asumido pola grande maioría dos galegos/as e signifique unha inversión das negativas tendencias actuais. Para este traballo necesitará-se a axuda de todas e todos.

EMILIO INSUA

.....  
Candidato á presidencia da Mesa

# Dinamismo

Buscaremos unha táctica que faga da Mesa o centro do debate e das iniciativas sobre a lingua galega, e procuraremos tamén os puntos básicos para chegar a un Acordo Nacional sobre a Lingua entre as forzas políticas e sociais, que faga posíbel o avance consensuado

Durante os anos oitenta entrou-se nun debate que serviu para fixar moitos criterios sobre a lingua. Debilmente agudizou-se o conflito, reivindicaron-se leis e decretos, partidas orzamentarias e estrutura administrativa axeitada; emprazou-se aos distintos gobernos centrais, autonómicos e municipais; elaboraron-se proxectos de incorporación do idioma e apareceu a nova palabra máxica: planificación. E puxeron-se ao labor organizacións políticas e outras, ademais das criadas particularmente para ese traballo, como A Mesa pola Normalización Lingüística.

Ademais fixaron-se unha serie de conceptos que hoxe son aceites polos círculos máis progresivos que se preocupan polo idioma, e mesmo outros sectores mornos comprenden que a análise máis acadaíto é que xurdiu dos grupos activos na normalización. É dicir, hai un acordo moi amplo na constatación das seguintes cuestións:

- Ruptura de transmisión interxeracional da lingua.
- Descenso acusadísimo na porcentaxe de uso do galego.
- Crecente residualización do uso do galego nos ámbitos urbanos.
- Presenza marxinal en múltiples áreas da vida social.
- Incumprimento xeralizado de toda a lexislación amparadora ou presuntamente impulsadora do galego.

Nos ámbitos comprometidos coa lingua, repetir estas verdades chega ao tópico, por sabido, analizado e xa visto. Pero non obsta para que a mensa maioría da sociedade teña outro criterio ben diferente, a idea máis simple, a de considerar o bilingüismo predominante como unha riqueza, todo dentro dunha indiferenza considerábel a respecto da cuestión lingüística e cultural.

Por último están os xestores oficiais da política lingüística, o Partido Popular, que nega o retroceso do idioma, afirmando a convivencia do galego e do español nunha relación de harmonía. Un discurso que impregna a amplas capas da poboación, as menos preocupadas polo presente e futuro da nosa identidade.

Despois dun grande esforzo e unha inegábel extensión do galego en determinados campos, consolidou-se o discurso do Partido Popular, o da Comemoración Lingüística ou Política de Homenaxe que hoxe, ademais de ser hexemónico, fai partícipes del (na práctica, que non nas intencións) á maior parte dos sectores implicados na normalización lingüística, incluída A Mesa pola Normalización Lingüística.

Predomina a mestura entre cultura e política lingüística. É frecuente ficar un paso antes da acción executiva da incorporación. Un exemplo: ningún comprendería que un conselleiro de política territorial, responsábel da xestión das obras públicas galegas, dedicase a seu labor a facer cantos e louvores dos grandes enxeñeiros de camiños da Galiza e do mundo, na troca de procurar especialistas e trazar vías. Tampouco se entendería que os responsábeis da sanidade, en lugar de contratar médicos, construír hospitais e facilitar a cura de doenzas, se dedicasen a editar os manuscritos e biografías de Fleming e Robert Gallo. Todos consideraríamos inaxetado o seu traballo, porque dar a coñecer a historia da ciencia corresponderá en todo caso a outros departamentos e a outras persoas.

No mundo do idioma considera-se léxico que en vez de actuar directamente na incorporación do galego, se xire en torno á idea, sen chegar a materializá-la. Hai algo barroco en todo isto, unha grande exhibición de decorados teatrais, de fachadas recargadas que nos impeden ver o esencial: a incorporación do galego a todos os ámbitos.

É a desviación que desena o Partido Popular e a liña rotineira que seguimos os demais. O diñeiro dedicado a normalización lingüística vai parar por exemplo ao Centro Ramón Piñeiro, que gasta o tempo en recuperar antigas e exemplares revistas; noutros lugares fan-se traballos sobre o galego, número de falantes, etc., que non se traducen nunha extensión ou intensificación do seu uso. As equipas do ensino, con esforzo e a mellor das intencións, utilizan diñeiros dedicados á normalización lingüística en revistas que falan de temas diversos, mais non se actúa en xeral sobre a finalidade que se debería buscar; e mentres os estudantes realizan importantes mobilizacións reivindicando o seu dereito a recibir aulas en galego, as organizacións permanecen xordas ante a solicitude.

Os servizos de normalización dos concellos e das universidades, unha vez galeguizada a papelaxe administrativa, corrixen escritos sen que haxa novas metas, ou non se vexa como acadá-las. Ou sexa, neste momento triunfa a Comemoración Lingüística no mundo comprometido co galego, inducida polo enorme poder do diñeiro que posú a Dirección Xeral de Política Lingüística e por unha inercia de tempos pasados, cando non había outro xeito de actuar que non fose o canto do pasado ligado ao idioma.

Os vellos esquemas de loita e articulación do traballo lingüístico levan tamén emparelladas varias técnicas que se repeten nos gabinetes e asociacións, e que deberían ser superadas. Vexamos algunhas delas:

-A profundización no coñecemento do idioma dun punto de vista meramente técnico (ortográfico e gramatical), que na actualidade lles correspondería a outros instancias: profesores, departamentos de lingua... Isto non quita que no proceso de normalización lingüística sexa obxectivo prioritario que o galego utilizado sexa máis "xenúno", menos españolizado gráfica, morfolóxica e lexicamente.

-O afán por facer estático, cunha visión conservacionista e case etnográfica, o que debe ser dinámico e mutante (observe-se a creación dun Arquivo de Planificación Lingüística no Consello da Cultura Galega, destinado a arquivar o que aínda non está planificado).

-A constante afirmación do idioma a través de parámetros dialectolóxicos, a repetición das isoglosas en múltiples foros, para afirmar que o galego é un idioma, algo definitivamente asumido. A comparación, como consecuencia, cos idiomas de menos fortuna de Europa, (algo nada favorable ao avance do galego: continúan-se a celebrar congresos que pretenden incidir na normalización lingüística, onde se expoñen os trazos dialectolóxicos do galego e se compara o galego co arandés ou o friulano, nunha práctica afastada de calquer política lingüística eficiente). E múltiples encontros, análises e estudos da situación, sen que deles se derive unha práctica con resultados. Entenda-se ben. Non se está aquí a desprezar ningún destes saberes e

actividades, e menos aínda nengun idioma, senón a oportunidade de practicar esta política no que atinxe ao avance nos usos, porque é necesario fuxir dese afán por facer estático e puro ser dinámico. Esa inercia leva a converter en reliquia e de bo sentimento, con afirmacións e idealizacións, o que debería circular en permanente mudanza e tensión práctica.

Todo isto sen contar con outro aspecto non menos importante, o da excesiva timidez imperante, que impede levantar moito a voz, co argumento da moderación e a necesidade (efectiva) de dialogar con todos. Un laxismo que nos vai pouco e pouco equiparando en conteúdos e formas ao máis amortecido da sociedade galega.

Nos últimos anos achan-se en falta na Galiza planos políticos decididos. As mudanzas sociais obrigan a revisar os vellos xeitos de traballar con que se funciona. Neste programa proporán-se tres eixos que, para alén da súa definición, non deben estar separados, senón intimamente mesturados e vencellados. Pertencemos a unha cultura minorizada debido aos nosos avatares históricos e ás nosas carencias comunicativas, impostas e probablemente subsanábais. Cómpre por tanto proxeccionar o uso do galego aumentando a produción de todo tipo de aparatos culturais, desde simples documentos até produción cinematográfica, por exemplo; isto é, avanzando na galeguización. E tamén comprendendo a Galiza no circulo de comunicación brasileiro-portugués. Integrando-se como parte soberana nos mercados culturais do Brasil e Portugal, evitando así unha práctica ensimesmada, apenas nutrida de símbolos, carente de practicidade en moitos campos, ao desentendermo-nos culturalmente de case todo o que chega do exterior, que circula en español. En nengunha outra época, a humanidade coñeceu un fluxo comunicativo tan intenso como na actualidade, e isto no caso do galego pode-se veiculizar en boa parte coa produción feita nas diversas variantes do sistema lingüístico galego-portugués.

A xeito de resumo, haberá que considerar nas futuras actividades da Mesa TRES LIÑAS de acción, tres eixos. O primeiro baséase na imposibilidade até o momento de fechar nengun dos campos de reivindicación abertos no comezo da democracia, nen sequer o toponímico; o segundo postula a superación da Política de Homenaxe entre os sectores máis conscientes da lingua, incluídas as institucións sensíbeis que non practican neste momento unha táctica eficiente (entre as cais, a propia Mesa ou parte dos concellos gobernados polo nacionalismo), e o terceiro consiste nunha política transversal que postule na práctica unha aproximación ao mundo brasileiro e portugués, para alén de disquisicións normativas. Para pór en práctica esta política é preciso recuperar o Proxecto Alén Miño, un guía útil de actividades posibles no cal non traballou nengunha das direccións da Mesa até agora.

En definitiva, temos unha boa radiografía teórica da realidade social da lingua, e unha pésima práctica normalizadora en todos

os campos sociais na actualidade. A Mesa debe continuar facendo a análise desa situación, pór en práctica unha nova táctica e entendé-la a toda a sociedade.

## [A definición táctica]

A candidatura que apresentamos pretende liderar desde A Mesa o proceso de normalización na Galiza e por iso postula unha táctica de debate permanente na sociedade. A consideración da lingua é un sentimento e un asunto de consciencia. A consciencia lingüística non pode aumentar se o debate non está na rua. Cando se fala de debate non se debe entender automaticamente un estado de crispación (que debemos evitar), mais si que son precisas a firmeza nos razoamentos e a presión séria sobre as institucións indiferentes e aínda máis sobre as hostís á lingua galega.

A afirmación de que a lingua é unha opción estritamente individual ten moito predicamento. Apartir dela, considerar que o debate e a exixencia son formas dun totalitarismo lingüístico só hai un paso. Un paso fácil de dar nunha época como esta en que calquer afirmación minimamente incorrecta pode ser considerada como totalitaria. A candidatura que presenta este programa compromete-se a facer un debate constante coa lingua, en todos os campos e con argumentos.

Consideramos que a sociedade é intrinsecamente conflitiva e que o idioma non escapa á conflitividade; portanto o noso traballo consistirá tamén en manter unha tensión práctica imprescindible, sobre dicir que dentro das normas de respecto democrático. Fuxiremos da atitude tímida predominante na sociedade galega á hora de postular cambios. Cremos que na normalización lingüística son necesarias mudanzas e que se deben propor con valentía. Usaremos os meios de comunicación como un factor importante para desenvolver a batalla semiótica que implica dar alternativas constantes, aínda que a nosa prioridade sexa criar unha organización capaz de facer-lle chegar directamente a súa mensaxe á cidadanía. Tratarémos de implicar o maior número de entidades en cada acción, considerando que o galego é cousa de todos e de todas.

En definitiva, buscaremos unha táctica que faga da Mesa o centro do debate e das iniciativas sobre a lingua galega, e procuraremos tamén os puntos básicos para chegar a un Acordo Nacional sobre a Lingua entre as forzas políticas e sociais, que faga posíbel o avance consensuado.

CARLOS CALLOñ

Candidato á presidencia da Mesa.

# Para tod@s

’ Apoio a candidatura de Emilio Ínsua, na que eu non estou, porque fai posible unha renovación natural. Na de Sarille e Callón é difícil non ver intereses persoais e mesmo perversidade

# a



sistín por primeira vez a unha asemblea xeral de socios e socias da Mesa no ano 1991. Era na facultade de Xeografía e Historia. Eu acababa de ofreceme á organización para colaborar de maneira activa e comezara a realizar as xestións e contactos para a posta en marcha dun grupo de traballo na zona de Vigo. Eu, ilusionada e novata naquilo do traballo activo e organizado a prol da recuperación da lingua, escoltei con atención as propostas e debates e funme así introducindo, de maneira progresiva e natural, nun compromiso coa organización que había durar moitos anos. Despois daquela primeira asemblea iniciática, asistín a todas as demais, primeiro na miña calidade de responsable de zona, logo xa como membro da Comisión Permanente da Mesa e, nas dúas últimas, como presidenta da organización. Nestes anos, A Mesa foise modelando coas achegas e o traballo de moitas persoas e foi nas asembleas onde se falou das campañas, dos proxectos, das conquistas, dos fracasos, das materias pendentes, dos retos. Tamén nas asembleas se foi plasmando, en sucesivas candidaturas, a renovación humana da organización, con persoas novas que chegaban e outras que ían deixando paso tras desenvolver nela un traballo que foi facendo da Mesa un pilar fundamental na recuperación social da nosa lingua.

O próximo 15 de xuño vai haber unha nova asemblea xeral de sócios e sócias da Mesa (a oitava en dezaseis anos) e todo parece in-

dicar que esta vai ser unha asemblea moi diferente das demais. E non xa porque os debates e propostas vaian ser máis interesantes ou novidosos do que puideron ser os de asembleas anteriores (se cadra, por isto tamén), senón porque, por primeira vez na historia da Mesa, competirán dúas candidaturas á Comisión Permanente da organización, un feito insólito e non exento de certo morbo que sen dúbida fará que esta asemblea, por exemplo, supere a todas as anteriores en número de asistentes.

As dúas candidaturas coinciden en que o traballo da Mesa precisa un novo pulo. Por unha parte, a candidatura encabezada por Emilio Ínsua, da que forman parte varios compañeiros e compañeiras da actual Comisión Permanente xunto con outras persoas de nova incorporación, nace dun proceso interno de renovación. Cando hai case 5 anos eu asumín a presidencia da Mesa, un dos meus obxectivos de carácter organizativo foi a incorporación de xente nova. de feito, das dez persoas que actualmente formamos parte da Comisión Permanente da Mesa, oito incorporáronse a ela nos últimos catro anos. Só dúas persoas, o actual vice-presidente e eu mesma, levamos nos órganos de dirección máis de catro anos, e ningún de nós vai ir na candidatura que encabeza Emilio Ínsua porque cremos efectivamente que as organizacións necesitan renova-

varse, e esa era a nosa aposta: integrar xente nova que se fosse rodando no traballo da organización para facer posible unha renovación natural que garantise ao mesmo tempo certa liña de continuidade. Por estas razóns, esta é a candidatura que eu apoio.

Fronte a ese proceso de renovación interna, xorde unha candidatura impulsada por Xosé Manuel Sarille e encabezada por Carlos Manuel Callón Torres, que se auto-presenta como a candidatura para "renovar" A Mesa. Deste chamado proxecto de renovación forman parte varios ex directivos da organización, entre eles o propio Carlos Manuel, ex coordinador da sección de Mocidade da Mesa e candidato agora a presidente, e Xosé Manuel Sarille, ex presidente da Mesa que opta agora a ser novamente o liberado da organización. E para alguén coma min, que miamou na Mesa a importancia de fortalecer internamente a organización coa incorporación de novas persoas, buscando esa renovación humana natural e progresiva da que falaba antes, resulta difícil non ver intereses persoais e mesmo certa perversidade no intento de presentar este retorno como unha renovación, sobre todo se lembramos que o propio Xosé Manuel Sarille, cando no ano 1997 presentou a súa dimisión despois de once anos

como presidente da Mesa, declarou que o deixaba, e cito literalmente da prensa, "porque once anos na dirección é demasiado tempo", "porque é necesario renovar as organizacións para que se oxixenen", e ao tempo criticaba como negativo o feito de que no noso país haxa "unha tendencia manifesta a aferrarse ás institucións, a pensar que os cargos son vitaiicios".

Hai coincidencias evidentes entre todos os que estamos no traballo de recuperación social do galego: a situación da lingua é máis que preocupante e o traballo da normalización lingüística precisa un novo impulso. Porque o traballo a prol da lingua é cada vez máis complexo e difícil. Hai que seguir dando a batalla da reivindicación (como fixemos, por exemplo, coa campaña contra a montaxe de Valle-Inclán en español por parte do CDG ou coa campaña contra Unión Fenosa pola súa negativa ao uso do galego), mais hai que tentar tamén facer propostas e ofrecer alternativas (así nacia, por exemplo, o Acampalíngua da Mesa, un acampamento de verán con actividades de dinamización lingüística). Hai que criticar a dilapidación e a falta de planificación e de avaliación da administración da Xunta de Galiza (A Mesa facía o ano pasado un completo informe ao respecto), pero tamén hai que pór en marcha alternativas e participar das que se promovan desde as distintas administracións (como estivemos no proceso de elaboración e debate do Plan de NL do Concello de Santiago). Algunhas destas iniciativas son máis visíbeis externamente, outras non o son tanto, pero todas son igual de importantes e necesarias.


Nun momento política e socialmente difícil para o idioma (e para tantas outras loitas) como o que estamos a vivir, é unha tentación fácil erguer moito a voz para dicir que todo é un desastre, que non se fai nada pola lingua, que o traballo normalizador está morto, que nunca estivemos peor, e postularse a continuación como a salvación a tanto caos. Nin todo é un desastre nin hai fórmulas máxicas que vaian salvar a situación como se dun milagre se tratase. O camiño faise andando e A Mesa, coa bagaxe da experiencia acumulada e o traballo de nova xente que nela se vaia integrando, ten que mirar ao futuro e non ao pasado, ten que ser máis que nunca unha organización integradora, que sume esforzos, que aglutine vontades, que coordine e achegue, para rendibilizar recursos e mellorar resultados, desde a lexitimidade da súa forza social e a independencia que sempre soubo manter para tentar ser a casa de todos e todas.

CONCHA COSTAS

Presidenta en funcións da Mesa

# Instrumento

’ *A Mesa creceu no seu dia porque deu o paso de converter-se en deficitária. Esta candidatura apostará por unha política de crecemento e profesionalización. E terá en conta de maneira moi especial a técnica informática, cunha verdadeira organización virtual*



# a

candidatura que apresentamos á próxima Asemblea Xeral da Mesa estudará posibilidades de reformas estruturais que se adecuen ás novas situacións, e no seu día presentará un programa de remodelación profundo, para ser debatido asemblealmente.

Consideramos que as organizacións deben saber administrar-se, mais, como todas as organizacións de carácter público, deben gastar o diñeiro para medrar e, sen perder a prudencia, non deixar de ser audaces. A Mesa creceu no seu día porque deu o paso de converter-se en deficitária. Esta candidatura apostará por unha política de crecemento e profesionalización. E terá en conta de maneira moi especial a técnica informática, procurando paralelamente o artellamento dunha verdadeira organización virtual, para consultar todo tipo de materiais. Un ámbito para a coordinación permanente, sectorial e territorial através de internet.

A Mesa continuará sen ter submisións aínda que procure subvencións, afirmando-se como unha organización libre. Dentro da posibilidade dun Acordo Nacional sobre a Língua, A Mesa non tería inconveniente en harmonizar unha política de colaboración coa crítica construtiva, sempre que se chegase ao pacto.

## [Fundación]

Concebemos a creación dunha Fundación dentro dun xogo de espellos coa Mesa: unha complementariedade en varios aspectos, como os traballos públicos e vías de resolución de problemas ou xestións. Desenvolverá unha presión tamén, aínda que diferente. A Fundación, en contraste coa Mesa, procurará levar a cabo un traballo distinto, moito máis discreto, procurando impulsar moitas iniciativas, varias delas totalmente inovadoras, e non sempre con aparato público.

A Fundación estará integrada no entramado da Mesa, mais procurarán-se outros apoios. En vinte anos o intercambio comercial entre a Galiza e Portugal multiplicou-se por 200. Entre as empresas implicadas nese comercio haberá-as dispostas a patrocinar un achegamento cultural entre as culturas destes países. A elas recorreremos, comezando polas de maior volume de negocios (negocios Alén Miño nos dous casos). O noso obxectivo inmediato será conseguir dez empresas, cinco e cinco, que xunto coa Mesa padriñasen a Fundación.

A preguiza intelectual predominante na Galiza ten a súa manifestación máis alarmante na carencia de relacións culturais cos outros países do sistema lingüístico galego-portugués. Unha situación que non variou nada nas últimas décadas e que é superada a estas alturas pola interrelación do mundo empresarial. Paradoxos dun país que continua a ter unha cultura débil e en que a propia intelectualidade se forma fundamentalmente na cultura española.

Desde a Fundación que propomos non se conceberá a política lingüística da Mesa como a única posible, senón como unha, a máis importante, mais non a única. Non debería haber problema para ser sensíbeis a todo tipo de iniciativas democráticas e sensatas que surxan ou xa se estexan a practicar desde outras organizacións.

A respecto das relacións entre as responsabilidades dos membros da Permanente da Mesa entre si e a súa coordinación coa Fundación é preciso criar a figura do Secretario/a Xeral para o conxunto organizativo. Desde a Secretaría Xeral coordinarían-se as actividades, dinamizaríanse, pedirían-se explicacións e reestruturarían-se a actividade ou o debate no momento en que se considerase oportuno.

Esta institucionalización terminaría co período presidencialista. Aínda que quen desempeñe a presidencia continue a ser a figura pública da Mesa e asuma a súa xefatura, a actividade interna descentralízase definitivamente. Todo isto implicará a mudanza da organización, que se faría máis acorde coas necesidades deste tempo.

As funcións deste novo organismo serían:

## [Desenvolvemento do Proxecto Alén-Miño]

A política dos anos pasados demonstra que non é posible unha práctica transversal sobre a circulación cultural dos países de lingua galego-portuguesa que estexa intimamente mesturada coas reivindicacións clásicas da normalización. Fai-se preciso que esa transversalidade proceda doutra fonte, cun grao alto de iniciativa autónoma, coa súa propia tensión práctica, aínda que loxicamente faga parte do entramado da Mesa. Mais a Fundación non só proxectaría unha nova política en relación ao Brasil, Portugal e todo o que iso significa, senón tamén concebendo a acción social da lingua como propicia á influencia, á comunicación e sobretudo á suxestión, fundamental esta última para integrar moitas forzas e esforzos dispersos, erráticos ou desanimados, tanto no referente ás relacións cos países de lingua portuguesa como na práctica normalizadora que se levou a cabo.

## [Formación de cadros]

A Mesa comezará a desenvolver un traballo formativo que comezará polos seus propios cadros. Ninguén nace formado e menos aínda no que se refere ao traballo en organizacións. Hai que rematar na Mesa co mal costume existente na Galiza de considerar que calquer persoa tendo consciencia e intelixencia é capaz de dirixir. É falso e A Mesa procurará a formación dos seus cadros, tendendo á estruturación dunha escola de formación de cadros. Alén disto, A Mesa tamén estudará comezar con estas liñas formativas de cara ao exterior, colaborando con outras organizacións que xa están desenvolvendo ese tipo de traballo.

## [Laboratorio de ideas e coordinación]

Pensa-se nun laboratorio de ideas para todo tipo de organizacións sociais e institucións públicas, non só para a propia Mesa. Desde a Fundación poderíanse desenvolver un labor que coordenasen as actividades que se desenvolvesen pola normalización lingüística desde todo tipo de organizacións.

X. M. SARILLÉ




**No chao vermelho  
Do teu sangue, Camarada,  
Caem como gotas de orvalho  
As lágrimas da nosa luta  
Que tu con cariño plastaste  
Estao a desabrochar  
Em gargalhadas infantis.  
E descansa que nao secaa.  
Serao sempre alimentadas  
Pela forza da nosa vontade.  
E serao, camarada Amílcar,  
Serao livres... livres...  
Livres como as gargalhadas que soltam  
Livres como o sol do noso hino,  
Livres como o vento que desfralda  
A nosa bandeira,  
Livres, como a liberdade con que sonhaste.  
É assim camarada,  
É assim...  
Uns chegan ao fim,  
Mas outros ficam pelo camiño  
Nao por desfalecemento,  
Mas polo seu valor e coragem.**

**E de entre todos,  
Os mais felizes  
Serao os que conseguirem plantar  
As flores que deixaste,  
No canteiro libre  
Da Guiné e Cabo Verde.**

**AGNELLO REGALLA**

**RI**  
revista das letras 422






*Durante a Semana Cultural PALOP, que tivo lugar en Bruxelas do 8 ao 14 de setembro de 1992, o presidente da União Nacional de Artistas e Escritores da Guiné-Bissau e vicepresidente do Goberno, Dr. Vasco Cabral, enfatizou o seguinte: "Debido a un gran atraso económico, por causa dun nivel incipiente de desenvolvemento das forzas productivas, de dominación e explotación colonial que mantiveron unha situación de analfabetismo e de un baixo nivel de ins-*

# O Lume verde



*trucción e de coñecemento tecnolóxico na inmensa maioría da nosa poboación, a tradición oral, forma elemental e mítica do pensamento e do sentimento das persoas, adquire unha significativa importancia e desempeña un papel de gran valor na esfera da cultura guineana, e, en particular, como expresión dunha literatura nacente que busca a luz do sol. Podemos afirmar que os nosos "Djidius" (griots), émulos dos xograres e trovadores de outras culturas, son, de verdade, unha mestura de poetas e de músicos-cantores populares. E nas súas baladas cantan os feitos sobresaíntes da vida cotidiana: as ledicias, as tristuras, as angurias, a traxedia, a comedia e a xesta existencial, do pobo. E así, aínda hoxe, en un contexto de modernidade e progreso aínda fan sentir a súa presenza".*





poeta Vasco Cabral, sitúanno no centro da tradición oral e da toma de conciencia cara á poesía escrita en portugués, no seu país. É verdade que a actual poesía portuguesa na tradición oral na Guiné, ten esa carga emocional e humana fixada neses valores e cánones estritamente africanos, onde o poeta, igual que o cronista en exercicio, tenta revelar cada un deses valores en que se fundamenta, formalmente, a sociedade africana e que non deixa de ter unha fonda funcionalidade material e emocional.

Neste contexto, a actual e recén estreada poesía guineana ten as súas raíces nesta creatividade popular. Así o manifestan os catóricos poetas que conforman a primeira antoloxía poética de Guiné-Bissau, titulada: "Mantienhas para quem luta!" (1977). Da parte introdutoria desta antoloxía, transcribimos: "Hoxe, somos mozos e traballadores no campo da poesía, esta non se define para nós en termos puramente estéticos. A forma, destinada a garantir a eficacia da obra, ao facela chegar aos obxectivos apuntados, imponse como elemento importante, mais o que determina a calidade é a función, que por seu valor social representa".

A tan individual poesía guineana xorde de dous enunciados importantes que se interrelacionan e, máis tarde, fúndense. Por unha banda están aqueles versos que relatan o inmediato (por algo a testemuña ocular máis directa é o propio poeta) e, por outro, son os poetas os que convocan ao pobo a ese conclave ideolóxico que incita á loita armada contra a presenza colonial. Neste sentido, consideramos e apuntamos dúas xeracións poéticas que moitas veces confúndense coa mesma mensaxe e coa mesma proxección. Consideramos precursores da poesía de Guiné-Bissau a Vasco Cabral e a Pascoal d'Artagnan Aurigemma. Estes dous poetas, pola súa data de nacemento como pola de publicación, marcan certos matices e diferencias con relación ao resto. Tempo e espazo son os mellores definidores en reflectir a dinámica dos Precusores co resto dos poetas que servidor definiu como xeración de Esperanza. Dous termos que se aceptaron despois dunha conferencia que pronunciei en Bruxelas.

A poética de Vasco Cabral (Farim, 1926) é un vello militante do nacionalismo guineano que loitou xunto a Amílcar Cabral, a pesar de que nos poida parecer simples, a súa poesía é pedagóxica e lineal que compendia as atribucións máis características dos griots. En moitos dos seus versos conmemórase a palabra antiga no seu pleno fulgor. Esa concreción de historias e convites a participar na loita de Liberación Nacional, simplifica a toma de conciencia e a procura de solidariedade en favor da emancipación social e nacional de Guiné-Bissau. Neste caso, a poesía de Vasco Cabral, en toda a súa dimensión expresiva, fomenta unha acción revolucionaria. El é o primeiro poeta de Guiné-Bissau que nos anos cincuenta, no cárcere en Portugal, comezou a escribir poesía.

Pascoal d'Artagnan Aurigemma (Farim, 1937), comeza a escribir versos a finais da década dos cincuenta, que se inscriben dentro do chamado realismo social. É un poeta que conta as penurias do seu pobo e relata, en seus versos, crónicas de desasosego: resumo o patético, o excéntrico, o drama e o caos polo que pasa Guiné-Bissau na súa negra sombra colonial. Pascoal d'Artagnan é claro e rotundo en súa obstinación por revelar o asombalamento do seu país.

Os membros que compoñen a Xeración de Esperanza nacen todos eles dentro dun período de dez anos, que vai de 1949 (data do nacemento de Nagid Said), ata 1959 (data que coincide co nacemento de María Odete da Costa Semedo). A produción poética dalgúns destes poetas comenza en 1968 e que continúan toda a dé-

cada dos setenta e oitenta. Acadan dous períodos ben definidos, o da pre e post independencia. Nagib Said (Bolama, 1949) é un poeta de síntese que revela a dor de toda unha xeración virada cara a loita e a esperanza. A dor colectiva é descrita nese seu berro de desespero que só ten un único código mensaxeiro na súa poesía vehicular.

O malogrado José Carlos Schwartz (Bissau, 1949-Habana, 1977), foi un poeta que recorreu á memoria histórica para que os guineanos voltaran ao reencontro coa liberdade e a dignificación do home. Seus versos son belixerantes e teñen unha significación en por aí descuberto todo aquilo que os axentes do colonialismo trataron de ocultar.

Toni Tcheca, pseudónimo de Antonio Soares Júnior (Bissau, 1951) é o artífice dunhos versos que xurden da concreción e dun intimismo que vai levando ao terreo ideolóxico e que teñen unha forza incontinida e exaltadora. Podíamos dicir que é o poeta da concreción e da reflexión que fai ante o longo sufrimento do seu pobo. En seus rexistros, de matices sociais e combativos, están presentes unha serie de recursos innovadores dentro do contexto en que se move a poesía guineana.

Interesante e sintética resúltannos a poesía de Agnelo Régalla (Campeane, 1952), en todo aquilo que nos fala da alienación do home polo home. Á marxe de certos contidos de matiz doutrinario mantense dentro dun equilibrio contestatario. A súa poesía é a antítese da ideoloxía colonial, ao moverse dentro dunhas coordenadas de militancia. É, mesmo, a poesía xurrida dun militante que esclarece ese rexurdimiento estético no que se reivindica ao home novo, por medio da loita revolucionaria.

Jorge Cabral (Rui Jorge Dias Cabral), naceu na cidade de Catchungo, en 1952. Diplomático de carreira. Ocupou varias responsabilidades dentro do ministerio de Exteriores de Guiné-Bissau. Este poeta describe as desventuras, a dor e o abandono dos guineanos. Jorge Cabral pode que sexa o creador que faga significar a acción da palabra ao non permitirle que se refuxie en artiluxios ou en frases discursivas e miméticas. Jorge Cabral é un poeta contundente e, ao mesmo tempo, de talante sereno e equilibrado que aborda uns versos moito suxerentes.

Félix Siga (Bissorã, 1954), estivo envolto desde neno no mundo da música. Profesor de ensino e ocupou altos cargos no ministerio de Ensino. Estamos ante un poeta de raíces etnolóxicas. Optou polo poema curto e comprimido, no que se verifica un ritmo e un lirismo extremado. A súa temática, por veces, a cingue a varios atributos que busca en Eros e en Thanatos. A presenza da traxedia pola que pasou o seu pobo, baixo o colonialismo, ocupa un lugar persoal e obxectivo en seus versos.

Domingas Samy (Bula, 1955). Estudou na URSS, licenciándose en Filoloxía Xermánica. Exerceu de profesora de lingua francesa e foi presidenta do Consello Técnico Pedagóxico do ministerio de Ensino. Foi directora da Biblioteca Nacional. A paz e a esperanza esta enfatizada, teimosamente, na voz de Samy. É a poeta que se proxecciona fielmente en África, partindo das fondas raíces que mantien na cultura africana; recorrendo constantemente aos ancestros que cultivaron a cultura tradicional. Os seus versos son unha especie de pranto pola súa "Mãe África", tan achegados a ese berro equilibrado da poética da mozambicana, Noémia de Sousa. Nesta autora verificamos unha ardente ansia e fascinación pola descuberta da cultura autóctona.

Helder Proença (Bolama, 1956), dedícase ao ensino despois de ocupar varios cargos na administración estatal. Foi deputado na Asamblea Nacional de Guiné-Bissau. Crítico literario. Este poeta xera gradualmente unha expresión que se define por unha técnica depurada dentro dun contexto simbolista. O concrecionismo de Proença o leva a uns óptimos resultados estéticos que lle posibilitan novos espazos vangardistas. Estamos ante un dos poetas máis sólidos da xeración de Esperanza, pola súa sensíbel e transparente poesía existencial.

Francisco Conduto de Pina (Bubaque, 1957) estudou en Lisboa artes visuais, e cursou arquitectura; ocupou varios cargos políticos entre eles o de Secretario de Estado de Turismo e Artesanía. Seus poemas son unha especie de memorando ou crónica para conmemorar as proezas épicas da loita de liberación nacional. Tampouco falta ese cántico elixiaco dentro dese sentido lirismo existencial. Os nenos, neste poeta, están referenciados con delicada tenrura e, neles, exáltase a vida e denúncianse as penurias dos seres desprotexidos mediante os conflitos bélicos.

María Odete da Costa Semedo (Bissau, 1959), profesor de ensino e dedicada á literatura infantil. As súas composicións as realiza en crioulo e as traduce ao portugués. Dado que considera o crioulo primeira lingua e, por tanto, é fiel ao mesmo e insumisa do portugués. Sexa como for, pensamos que é unha poeta que pola temática que escolle, relacionada coa súa profesión, materializa unha poesía que está moi entronizada nos esquemas da xeración de Esperanza. A infancia é un dos elementos a destacar da súa poesía que a converte en creadora dun existencialismo nu e sen trínque, como a propia África esixe.

Os novísimos da poesía guineana abren camiños novos, despois dos últimos acontecementos políticos, mais móvense Nunha poética de consigna e asentada no realismo social que foi a poética que marcou a dúas xeracións, e isto fai que non se desprendan, con facilidade, do cordón umbilical que os ata ás anteriores xeracións. Guiné-Bissau carece de infraestruturas tanto de ensino como literarias e isto limita a creación duns poetas que respondan a un novo espazo ético e estético, que se produce con certa lentitude.

X. LOISgARCIa

# A poesía da Guiné



[Félix Siga] [Domingas Samy] [Vasco Cabral]  
 [Tony Tcheca] [Helder Proença]  
 [Francisco Conduto de Pina]  
 [Maria Odete Da Costa Semedo] [Nagib Said]  
 [Jorge Cabral] [Agnelo Regalla]  
 [Pascoal D'Aragnan Aurigemma] [José Carlos Schwartz]

## Félix Sigá

### Música

Quando foi  
E qual é ela  
Que transpôs limites atmosféricos  
E aos viventes não cantou?

O mundo é música  
A música é vida  
A vida é pranto e canção  
a vida é mundo

Viver é agir  
A música é um mundo  
Com relvas e cinzas  
A vida é música

[Pecixe, Dezembro]

### 1ª. Sinfonia Negra

No descanso  
Não há descanso

Corpo inerte envolto em panos  
Descanso eterno  
Na casinhola do hospital

Braços que erguen funestos  
Repoussam sobre as cabeças  
De lenços apertados

O desespero ordenha os olhos  
Dos corpos que se dobram  
Em trambolhão de homenagem

Na casinha onde os mortos descansam  
Da 1.ª Sinfonia Negra  
Há um maestro sempre ausente – MORTE

Ironia dó e aflição fatais  
Inspiram o coro (in)convencional  
Cada um invocando a própria mãe

Bombolons reclamam vida e recordam  
Alma volúvel  
Entre partir e voltar

Maca improvisada ou caixão  
No solo se abre a casinha definitiva  
Animais e licores custeiam o funeral

[Bissau, Abril de 1988]

## Domingas Samy

### Arde o coração!

Sentada na margem  
do Mar azul,  
lágrimas nos olhos,  
contemplava a água límpida  
e sonhava alcançar  
um mar transparente coberto de rosas.  
Ao meu redor  
reinava um silêncio de morte,  
só se ouvia o barulho das ondas  
Foi entre estas ondas  
que tu apareceste  
como que em sonho  
Senti as tuas mãos matinais  
limpiarem estas duras lágrimas  
Tu me prometeste  
o mar transparente coberto de rosas  
e eu acreditei  
Mas em vez disso  
deste-me a floresta ferosa  
E eis que cada minuto  
juntamente com a floresta  
queima o meu coração.

[URSS, Varoneje, Abril de 1979]

### “Filho de África”

Tu ouviste chorar a África  
e quiseste chorar;  
porquê irmão?  
Tu viste o mar sangrento  
e quiseste atravessá-lo a nado,  
porquê?  
Tu viste a mata espinhosa  
e quisiste queimar o teu,  
porquê mano?  
–Meu pequeno! – porque só através  
do mar sangrento,  
da ignição dos corações humanos,  
da mata espinhosa  
vi o futuro luminoso  
da nossa querida Mãe.

[URSS, Varoneje, Agosto de 1979]

## Vasco Cabral

### Saudade dos que dizem adeus

Saudade dos que dizem adeus:  
lágrima  
voando, voando  
como asa de brisa.

E longe  
mas perto  
o coração a bater, a bater...

Saudade dos que dizem adeus:  
grito com eco  
repercutindo no peito  
em silêncio, em silêncio...

É dor  
sem ser dor:  
fogo que queima na alma.

Presença inefável  
do vago.  
Murmúrio da onda  
que chega e parte  
sem se mover.

Saudade dos que dizem adeus:  
lágrima  
voando, voando  
como pássaro triste!

[1957]

### Amiga

Aquela rapariga de olhar triste...  
Olhei-lhe os olhos  
e vi que eram como os meus.  
Olhei-lhe as mãos  
e vi que eram como as minhas.  
Sorriu  
e vi que os dentes eram brancos como os meus.  
Debrucei-me sobre a sua alma  
ansioso  
como quem se debruça da amurada dum navio  
para ver o mar.  
E vi que era imensa  
e livre  
como o voo das águas.  
Chamei-lhe “amiga”.

O semblante encheu-se-lhe de súbita alegria  
e respondeu-me: “amigo!”.  
Entre nós só havia duas diferenças:  
o sexo e a cor da pele.

[1959]

## Tony Tcheca

### Perdão do poeta

Aqui das cordas  
do meu korá  
peço perdão  
a quem o meu canto  
fere  
Acolá  
jaz a esperança  
do hino adiado  
da palavra amansada  
de vozes emudecidas  
Além Pindjiguiti  
virou lagoa  
com cisnes imaculados,  
nenúfares  
e gente-bem  
que vem  
e se instala  
sob o plasma  
do meu sofrimento  
e  
Morés  
espreitando  
nas persianas  
do silêncio

[Bissau, 1979]

### Refrão da fome

Esse som  
que chega  
e me nega o sono  
Não é choro  
não é chuva  
mimoseando a terra ressequida  
Não é pranto  
nem sorriso incoitado  
É um gemido perdido  
um choro sentido  
mas não chorado  
Choro...  
Sufoco de menino  
fere o conto de N'Gumbé  
em refrão amargo  
de fome.

[1981]

## Helder Proença

### Meditação

No meio desta negrura atroz  
procuro uma luz  
em cada homem

Neste todo que é inteiramente nosso  
procuro me Pátria amada  
porque ainda não sou  
mas o meu sangue ferve  
e seremos de certeza amanhã!

### Poesía Setembro I

Com salivas dessalmouradas de Geba  
falaremos das recordações  
pelo tempo gravadas  
em Setembro eterno.

E estas saudades frustradas  
e estas esperanças comidas  
novos corpos ganharão, amor

E assim, porque  
Pindjiguiti e Sambassileté ainda  
ressuscitarão nas memórias  
as vozes e nossos corações em Kassacá.

Nossas línguas, então  
para novas coisas cantarão.  
As bolanhas todas rejuvenescerão.  
Tudo em Todos  
para nós voltará  
um dia!

## Francisco Conduto de Pina

### Pa mininus d'amanhã

Os mortos, heróis desconhecidos (ninguém os chorou)  
repousan nos canteiros semeados  
nas madrugadas recusadas  
e raivosamente cacumbadas.  
Amanheceu, algum segundo despois...

restamos nós, poetas amargurados!  
com poesia forjada na aurora fértil  
a compor requiem  
para os combates, heróis mortos.

sim...  
restamos nós, poetas amargurados,  
com poesia forjada nas bolanhas,  
bolanhas que já mais secarão...  
a semear sementes...  
"pa mininus d'amanhã".

### Ode à criança

O menino teu irmão  
Que conserva o disfarce de velho  
Compondo este verso de velho  
Que penetra surdamente na multidão  
Ou apontando indiferente para o espaço  
Com o lirismo nas lágrimas  
Ou um verso, para te salvar  
De esquecimento sobre a terra?  
É preciso sentir que estás a me ouvir  
Embora sem me ouvir  
Nesta ambição que sinto  
Nada tenho  
Apenas sonho

Sonho  
Sonho com mundo inverso  
Desse que nos angustia e apavora  
CRIANÇA-HOMEM futuro presente  
Jardim de esperança  
Nao querendo fazer de ti um homem de amanhã  
Mas deixando-te ser Criança de hoxe

## Maria Odete Da Costa Semedo

### Flor sem nome

Flor sem nome  
Em chão árido e seco  
No deserto envolvente  
Um fundo verde  
Da esperança longínqua...  
Eu son essa flor  
A florir longe de pensamentos  
Longe de sentimentos  
E ao longe  
Lágrimas cobrindo rostos  
Essa flor sou eu!  
Sem nome, sem cheiro  
A beira mar  
Colorida  
Sobrevive também pelo verde

### Heroína do teu conto

Quero ser heroína  
Do conto que inventares  
Que firme segue o seu destino  
Quero ser uma mortal  
Guiada pelo teu poder  
E pela tua voz

Quero ser uma semi-deusa  
E vencer os obstáculos  
Que tu teceres  
Escapar das nuvens e do próprio sol

Quero ser a deusa lua no teu conto  
Acompanhar as crianças  
Nas suas fantasias  
E no sonho seguir os seus desígnios

Quero ser a heroína do teu conto  
Ou apenas um verso do teu canto

## Nagib Saïd

### Poema I

Dizem-me que nao há poesia na minha terra  
Mas eu, nao me submeto!  
A poesia nasce e faz-se  
É só sentir, querer,  
Pegar e construir horas.  
Dizem-me que nao há poemas...  
Se ser poeta é vier, amar, lutar  
Nós somos poetas.  
Se ser poeta é cair, levantar-se  
E de novo caminhar,  
Nós somos poetas.  
Se ser poeta é ser-se livre,  
Nós somos livres e somos poetas  
Se a poesia é sol ao alvorecer,  
Nós somos poesia.  
Se a poesia é rio, estrelas, montanhas  
Em tempestades, natureza, ou céus  
Despedaçados  
Nós somos poesia.  
E,  
Se somos poesia...  
É para vós os poemas que eu canto  
Mdrugadas do meu país  
Poemas de dor e de riso em gargalhadas,  
Poemas de força, poemas de mim.

### Poema II

De um ai  
Que é uma dor.  
De um ai  
Que é um lamento.  
De um ai  
Que é um suspiro,  
Um prazer...  
Nasce a semente  
Que continuará a nossa geração,  
Mulher.  
E...  
Os gritos, agudos  
Que eu ofereço  
Cansado,  
Ao mundo ideal  
Que meus sonhos  
Cantam,  
São gemidos de dor  
Que eu digo  
Cantando  
E tu  
Mulher, minha doce poetisa  
Tão bem compreendes.

## Jorge Cabral

### Regresso

Penso em ti  
como num sonho longínquo  
um sonho  
que jamais terei

como em dias remotos  
pois nunca vividos

como num sonho  
que bem conheço  
por tantas vezes  
ter sonhado  
sonhá-lo

Penso em ti  
como num pai desconhecido  
que sempre conheci

como na esposa bem-amada  
que se me tarda a encontrar

Penso em ti,  
meu país,  
tchon di mi,  
como num sonho longínquo  
um sonho  
que se me demora a ter

[Belgrado, Julho de 1977]

### Incertezas

O teu riso  
ora feliz  
ora triste

Toma a cor  
da consciência  
que tenho  
de te ter feito  
ou triste  
feliz

E choro  
com lágrimas  
ora tristes  
ora felizes

De remorso  
ou orgulho  
de te ter feito  
triste  
ou feliz

[1990]

## Agnelo Regalla

### Poema de um assimilado

Fui levado  
A conhecer a Nona Sinfonia,  
Beethoven e Mozart  
Na música,  
Dante, Petrarca e Bocácio  
Na literatura.  
Fui levado a conhecer  
A sua cultura...  
Mas de ti, Mae África,  
Que conheço eu de ti  
a não ser o que me impingiram?  
O tribalismo, o subdesenvolvimento,  
E a fome e a miséria  
Como complementos...  
Nao me falaram de ti  
E dos teus filhos, Mae África.  
Esqueceram-se  
De Samory e Abdelkader,  
Cabral e Mondlane,  
Lumumba e Henda,  
Lutuli e Ben Barka.  
Nao me falaram da revolução,  
De Canhe Na N Tugué e Domingos Ramos,  
De Areolino e Pensau,  
Mas falaram-me dos Bandas e Honorios,  
Dos que te esqueceram  
E fugiram  
À doce melodia dos Corás.

[Conakri-1973]

## Pascoal D'Artagnan Aurigema

### Prato de fome

Uma mesa triste onde talher e tudo falta  
p'ra vingar fome

Mao de alguém-menino  
corre como esqueleto numa tigela de fome.

Alguém-menino  
saído dum ventre feliz de parir.

Vida de amor de alguém-menino  
tal vez sonhando um futuro risonho  
como tantas outras vidas sonharam.

Alguém-menino – alma simples  
contemplando a certeza da revolução.

Nem pilao pila  
colonial vida de pilao vazio.

[Bissau, Safim. 1973]

### Revolta pátria

Os matres revoltados tingiram-se  
de sangue inocente

Varados pelas balas de carabinas monstras  
os corpos rolaran calados.

Os olhos tingiram-se de dor  
as barrigas esartejadas  
orfaram.

No mundo da tabanca escondida  
noite escura vultos em sentinela.

As porfias da cólera recrudesciam.

Cardeais horizontes estavam traçados  
– os mortos também falam.

[3 de agosto de 1984. 25º aniversario do massacre de Pindjiguiti]

## José Carlos Schwartz

### Antes de partir

Antes de partir  
Encherei os meus olhos, a minha memória  
Do verde (verde, verde!) do meu País  
Para que quando tomado pela saudade  
Verde seja a esperança  
Do regresso breve  
Antes de partir  
Encherei os meus ouvidos, a minha memória  
Do palpitar que esmorece, enquanto a noite  
Cresce sobre a cidade e que no campo  
Feito o silêncio dos homens e dos rádis...


### Canta camarada

Canta camarada  
Deixa que o teu sonho verdade  
Flua límpido nos anseios da tua voz quente  
Pois este é o teu dever, o teu direito.

Canta camarada  
Que a recordação da tua dor  
Seja como a terra revolvida  
Em cada época, para a sementeira.

Canta camarada  
Apenas alguns nomes, para que seja exaltado o anónimo  
Apenas os mortos, porque os vivos  
Ainda podem desmerecer da nossa gratidão.

Canta camarada  
Pois é a unica benesse  
Que te reservaste na oferta da tua juventude  
Em Holocausto no altar da revolução.



revista das letras 423


**Dobre é a mentira,  
a comedia da Comedia.**

**Escribir e vivir por e dentro das palabras,  
escorregar na luz  
como a man na luva.**

**Plantar cara ao tempo  
que se burla dos homes.**

**Branca, ¿poden as palabras escribir o mundo  
que prescindir de palabras para existir,  
cando o ollo escoita  
e o oído ve?**

**DANIEL THIBAUT**



Suplemento de O Correo Galego que aparece os xoves. Coordinación, A.R. Lopez, Rosa Navia e Sociedade Noia. Deseño, Anton Lopo e Carme Botana. Maquetación, Carme Botana. Fotografía, Chico Miras e Chico Seoane. Infografía, Teresa Tojo, Fran Domínguez e Alberto Rivadulla.  
E-mail: Rdl@elcorreogallego.es

**libros**

# Marga do Val reinventa a Bella Otero

# m



Marga do Val é unha muller con ollos bonitos de nena alegre. Temos a entrevista na terraza dun bar de Santiago e fai sol, un sol que nos anima. Ela fala e fala sen parar. Case non teño que facer preguntas. Ela confesa que podería estar falando de Carolina Otero "horas e horas". Gústalle o tema. Por iso escribiu a biografía titulada *Carolina Otero*, dentro da fermosa colección "Mulleres" da editorial *A Nosa Terra*.

Dende nena garda admiración pola Bella Otero. Dende que na súa aldeia "os homes falaban dela con admiración e as mulleres con compaixón" e Marga escoitaba e pensaba "ten que haber algo máis" e quixo sempre descubrir esa vida escura, agochada, da grandísima artista galega que triunfou en Europa. Quixo Marga, con este libro, abrir o seu lado máis humano. Importáballe, máis que a súa parte fascinante, o interior de Carolina Otero. Quería reconstruír unha vida que foi unha vida intensa pero tamén foi unha vida difícil de ser vivida.

Todo empeza en Valga, a aldea galega onde Carolina nace, onde pide esmola polas portas, onde tratan moi mal ás mulleres, onde aos dez anos a violan e queda destrozada e case morta. Para Marga non é estraño que C. Otero cando trunfa non queira falar desta orixe difícil e dura. "Ela, despois da violación, ten que volver nacer" afirma Marga, coa cara entristecida. E engade "era moi nova e non sabía nada". Por iso nega Marga que esta muller sexa unha "descastada ou renegada".

Ademais, inventar unha orixe, mentir, imaxinar, era propio das artistas da época. Eran mulleres capaces de inventarse a si mesmas e soñar. "Hai unha imaxe nese momento que é a que vende en Europa, a imaxe de muller española, fogosa, celosa, xitana. A imaxe de Carme. Á que Carolina se agarra" pois era o mellor que podía facer, e ninguén como ela representou ese papel. Foi unha auténtica profesional. Foi única. Foi grande.

Foi tamén unha prostituta de luxo, a muller máis cara de todas. Todos os homes querían amala. Afirmar Marga que nas súas memorias se ve o que, como tal, tivo que aguantar. "Eses vellos que pensan que ela é o último que lles queda e eses novos que non saben nada de nada" relata Marga. Marga pensa que aínda hoxe hai moitos prexuízos na sociedade galega e non se fala como se debería falar do tema da prostitución. Eu, Lupe, rebeldeime metafórica e abertamente puta no meu primeiro libro de poemas, *Porno-grafía*. Aquele poemario que, lembra agora, tanto lle gustou a Marga do Val. Falamos do meu libro e das putas e da condición de ser mulleres. Falamos sen medo. Os putiferios son eses lugares escondidos nos que se ama e se sofre e nos que se cometen inxustizas e se produce dor. Esas putas no silencio, con vestidos gastados e tetas abertas e o sexo roto.

Marga pensa que Carolina tivo moitos amantes pero non se namorou nunca. "Sabía que o amor significaba venderse, escravitude, e os homes eran para ela un auténtico negocio. Ela sabía que non podía depender de ninguén". Era libre, voaba lonxe, sentiu soidade, sentiu frío, dor. Pero tamén "levaba unha vida moi libre e foi unha muller moi valorada" conta Marga. Marga do Val, a autora dunha biografía espléndida, chea de rigor e de

colorido, chea de palabras vivas e animosas, como é ela falando. Ela falando da Bella Otero é unha ferverza aberta na aldea. É un río que se desborda do seu cauce e que nos mollia e nos enche. Semella que, para facer o libro, meteuse totalmente na pel desta muller tan famosa, e agora está aínda entusiasmada e contenta coa experiencia. A experiencia de viaxar polo mundo e polos libros buscando as pegadas que o mito fora deixando. A experiencia de meterse na vida dunha muller apaixonante. Buscando, non só o que máis brilla, senón o que é máis persoal, máis natural, máis íntimo. Marga indagou como ninguén nas fontes galegas, nosas, propias. Parecelle importante facelo. Mirar a parte nosa. E debuxou unha biografía limpa, clara, importante. Cóntame que resultaba un pouco problemático incluír esta obra nunha colección sobre vidas de mulleres que tiveran un posicionamento político de esquerdas. E Carolina Otero non o tivo, "máis ben estivo sempre ao lado do poder"; afirma. Ela era unha puta. E a sociedade non é libre para mirar cara a cara ás putas. Ten medo. Falar claramente aínda non é fácil. Pero Marga quixo falar claro no seu libro e ofrécenos así un libro honesto, nidio, transparente, limpo, sincero. No que Carolina Otero se vería a si mesma moi guapa e moi digna e moi ben.

A dignidade é precisamente un rasgo que Marga viu en toda a vida de Carolina Otero, que naceu violada ao mundo, e renaceu con moitísima forza superando todo o malo e abrindo o medo. Sinala a autora que Carolina non era unha muller "parva" senón que era "moi intelixente, sabía estar en escena, gañarse o público, facíalo xenial, era unha gran relación pública e era unha gran actriz, sabía falar francés, inglés e algo de alemán". Os tópicos son falsos. Os tópicos son trampas contra a súa memoria. A clave feminista que percorre o libro de Marga do Val axúdanos a ver luz na sombra toda. Axúdanos a ver unha muller humana, libre, aberta. Abre para nós as portas pechadas de cárceres cerrados.

Un dos tópicos que existen no imaxinarium colectivo é que a Bella Otero morreu na miseria. E Marga di que "non é verdade, ela non morreu na miseria, ela saíu da miseria, estaba na miseria". Gústalle a Marga o símbolo do pan. O pan que Carolina pedía polas portas cando era nena. O bolo de pan que rodou polo chan adiante cando un home a asaltou e a violou na aldea. E por fin, cando é vella, en Niza, a ela sóbralle o pan, dálles farangullas ás pombas. Semella, esto que me conta Marga sobre o pan, un precioso fotograma que percorre simbolicamente toda unha vida. De feito, é algo que se vai levar ao teatro. Pois Marga do Val, xunto con Roberto Cordovani, están preparando a obra de teatro titulada *A bella Otero, o corpo que fala* que se estreará o nove de decembro en Compostela. Agardamos impacientes e desexosos de vela. O título ten que ver con que, segundo Marga, "en Galicia os corpos non falan", estamos demasiado coartados, temos demasiado medo a expresarnos corporalmente. E pode ser verdade, penso. Carolina en cambio, "só se serviu do seu corpo para expresarse" di Marga e engade que "ela debou inventar o que chamamos danza étnica".

A obra de teatro, en certo modo, vai "contradici" este libro, pois "a min, como autora, gústame debaterme" afirma Marga. Vainos achegar outra visión, as mesmas cousas pero dende outro ángulo.

Cando lle pregunto a Marga que é o que máis lle gusta e o que menos lle gusta da vida da Bella Otero ela teno claro. O que máis lle gusta é a morte. Sorprendentemente, a morte. Explica que "morreu moi digna, moi ben, de cindo aí vos quedades". Unha morte tranquila ao final dunha vida solitaria e dolorosa e valente e plena. E o que menos lle gusta a Marga é a "violación". Ese tremento esgazamento, esa morte na infancia, esa terrible ferida. Tamén pensa Marga que o momento de máximo esplendor da súa vida "debeu de ser cando entrou por primeira vez no casino de Montecarlo e veu como á xente lle gusta tanto ter diñeiro e como hai xente que ten tanto". Sabemos que Carolina foi ludópata e cleptómana, foi unha enferma. Todo o que gañou perdeuno xogando. Esa foi a súa grande paixón. Afirmar Marga que "ela viviu o presente, nunca pensou no seu futuro, e as persoas así senten que a paixón aparece, que non se pode preparar". Que a vida non está atada por duras cadeas, senón que tamén conta o azar, a liberdade. Vivir intensamente todo. Amar todo. Non ter medo. Todo depende da rula da fortuna, da sorte que teñamos. Todo é un inteno presente que hai que saber vivirlo e desfrutalo moito e con moita forza. "Este libro meu só é a miña primeira entrega" pois ten Marga do Val a intención de seguir buscando cousas e debuxando para todos o que foi realmente a vida de Carolina Otero. Agora está entusiasmada preparando a obra de teatro. Sabe Marga que as mulleres aínda non somos libres na sociedade para facer o que queiramos e decidir a nosa sexualidade e as nosas vidas. E por iso quere seguir falando, cuspiendo, denunciando. Remata a entrevista e ela marcha, coa súa cara alegre, cos seus ollos vivos, coa súa fermosura toda, e déixame contenta, soñando vidas e mundos. Quedo en Compostela desfrutando deste verán que enche a rúa de animosidade e poemas.

LUPE GÓMEZ



# O legado

de Stephen Jay Gould

Hai dous anos, ofrecéronme a oportunidade de traducir o castelán un artigo de Stephen Jay Gould acerca da novela *Les jungles pensives* de Michel Rio (publicado en *Conectando Creacións*, CGAC, 2000). Escribía Gould: "Sospeito que a maioría dos lectores pasarán por alto a principal xenialidade da gran novela de Rio, sinxelamente porque a historia da teoría da evolución ó longo do século vinte e, particularmente, o estudio do altruismo na bioloxía do comportamento, non impregnou a cultura intelectual xeral, e polo tanto, non é ben coñecida polos eruditos nin polos lectores que non son biólogos de profesión. Penso, por iso, que o mellor modo de servir ó propósito deste volumen e facer xustiza á obra de Rio, é presentar, neste ensaio, unha pequena introducción e un comentario acerca do uso, en xeral exhaustivo e correcto, dun tema esencial no meu campo de estudio."


Reproduzo aquí unha cita tan longa porque penso que resume á perfección o labor do que foi un dos máis grandes intelectuais da segunda metade do século vinte, sen deixar de asombrarme de que a súa recente desaparición ocupase, nos medios de comunicación nacionais, pouco máis que algún discreto obituario.

Stephen Jay Gould foi un científico de primerísima fila, cun pensamento capaz de trascender os límites da súa área específica de investigación pra influir en todos os ámbitos da cultura. A partir dos seus estudos da evolución nos invertebrados, aventurou unha hipótese que revolucionaría por completo a teoría darwiniana: Gould tentaba de explicar o fenómeno, observado no estudio dos fósiles, de que grandes grupos de especies animais e vexetais parecían modificarse de repente en determinadas etapas da historia terrestre. A idea que prevalecera ó longo do século vinte fora que o cambio nas especies producíase de forma gradual, e que esa aparencia de cambios súbitos se debían a perda dos fósiles das especies intermedias. A hipótese do "equilibrio puntuado", proposta por Eldredge e Gould en 1972, defende que a evolución se caracteriza por períodos estáticos nos que os organismos a penas cam-

bían, interrompidos por épocas nas que se producen rápidos cambios na especiación. Moitos dos estudos xenéticos levados a cabo dende os anos 80 confirman a súa hipótese. Sen embargo, a figura de Gould é coñecida fóra dos ámbitos da bioloxía da evolución (ata o punto de aparecer como personaxe animado nun episodio dos Simpson) polo seu incansable traballo como divulgador científico. Gould escribiu varios libros importantísimos acerca da evolución dirixidos ós non especialistas pero, ademais, milleiros de artigos tratando de explicar os derradeiros descubrimentos e teorías científicas insistindo sempre nas súas implicacións políticas, culturais e sociais. Mentres que moitos dos seus colegas consideraron que os creacionistas non merecían outra cousa que o seu desprezo (permitindo así o asombroso reforzamento do poder político das posicións creacionistas en varios estados norteamericanos ata o extremo de prohibir o ensino da evolución nalgúns escolas), Gould nunca rexeitou o debate público con eles. Foi un exemplo para seguir pra moitos de nós, sinalando o camiño do futuro nesta sociedade mediática na que a ciencia, se non quere perder influencia no pensamento social e político, está necesitada de falar por si mesma nunha linguaxe que, sen deixar de ser rigurosa, poida ser entendida polo público non científico.

Stephen Jay Gould foi, ademais, un dos maiores defensores das boas relacións entre ciencias experimentais e humanidades, probablemente un dos poucos científicos recibidos con tanto entusiasmo nas facultades de humanidades como nas de ciencias puras e aplicadas. Foi o mellor embaixador da ciencia pra os humanistas e o mellor embaixador das humanidades pra os científicos. Hoxe, as vangardas científicas e artísticas buscan a integración cun entusiasmo inédito nos últimos dous séculos, e moito dese entusiasmo é debido ó esforzo de Stephen Jay Gould. Gustaríame que soberamos facerlle xustiza ó seu legado.

germán sierra



# Experiencia

Alfonso Armada é un escritor nado en Vigo en 1958 que traballa as dúas linguas que lle son naturais. E emprega estas ferramentas de xeito dual en poesía. Porque o seu labor teatral ou xornalístico ten, de momento, manifestación mono, isto é, en español. Alfonso Armada vive ou vivía ultimamente, que non estou seguro, en Nova York, exercendo nesta cidade como correspondente do ABC. As crónicas viaxeiras de Alfonso Armada, digo isto para situalo, teñen moito que ver coa modernidade naquilo que esta chegou a ter de positivo, de creatividade nihilista, de corremto de terras elegantemente escéptico. Para min que por aí anda a poesía galega de Alfonso Armada, un señor que ademais está lonxe de Galicia, o que lle permite aparecer en antoloxías como *En tránsito*, que recolle un feixe de poetas galegos en Madrid, pero que non facilita a súa aparición nas escolmas feitas na terra. Isto é así e non hai volta que lle dar, as innovacións á Virxe do Reproche terían que estar prohibidas, á parte de que nunca vin que Alfonso Armada se definise neste sentido. Pois ben, dos poetas que en Galicia tratan da experiencia, moitos, moitos, por activa ou pasiva, Alfonso Armada é un dos máis radicais, dos que chegan máis a fondo a esas fontes onde se atopa unha suga tantas veces infectada/infestada, unha auga, en fin, que mesmo pode ser alucinóxena, ben con naturalidade, ben porque alguén botou nela velenos. Este Alfonso Armada que bebe nos inicios, dísómano dos inicios, xa estaba en *Escuma dos dentros* (1997) pero non tanto como agora en *Porta venenosa, porta dos azares* (Colección Tambo, Deputación Provincial de Pontevedra, Pontevedra 2002) este libro de poeta vigués que debe marcar o seu territorio definitivamente na poesía galega. Non direi que se hai xustiza, que estamos falando de arte, pero si gusto, que é outro cantar, e ben diferente. O libro último de Armada, para que non haxa dúbida, en canto de inserir a consabida fotografía do autor-adulto ou do autor-adolescente, se tal, con cara de preguntarse qué fago diante de todo isto, de non telas todas consigo, inclúe unha instantánea dun cativoño de clase media, supoño, cuns zapatos a dúas

cores que son todo un síntoma. Máis aínda que o abrigo que cobre ao rapaz. A partir de tal imaxe cómpre entender que estamos diante dunha viaxe (re) iniciática desde un espacio que non é saudable do tranvía de Baiona" pero que ben podería sela, e ninguén tería dereito a dicir nin pio, porque a nostalxia só é un erro cando morren en si soa, e a señardade de Armada —por exemplo— é salvífica de puro violenta. Violenta na sintaxe, na non recorrencia ao soniquete, violenta no emprego do verso libre, na non utilización de edulcorantes, cando aplica sal e vinagre nas feridas, etc. Así que todo se lle perdoa, mesmo certas caídas no lugar común e demasiado prosaico, porque este señor ama con distanciamento e con sabio instinto de pecado. O que está moi ben. Descubrízo por outra parte o tempo que tardou este autor, de miles de cousas "e un campo magnético verde Armada", cánto tardou en construír este artefacto ou puzzle ou crebacabezas, non o sei porque mesmo puido ser escrito dun tirón portentoso, cuspidiño, igualiño, a ese tirón co que se pode ler (así o fixen eu), porque nin sequera está dividido en apartados ou seccións; todo seguídiño, mellor para segundo que cousas, como esas obras de teatro que non teñen descanso que rompería o ritmo. E Alfonso Armada ten ritmo e música e *swing* e *ángel* e *duende* e *pellizco*, non sei. Alfonso Armada, un *ghicho* que nos informa de que tal e tumba,

*Pero desde aquel día  
Decidín que sería máis muller que home.  
Mentín.*

Ou sexa que nesta poesía autobiográfica ("Memoria contra lírica, disenos nalgún momento") saltan espazos da realidade escabrosa, e tal vez non haxa outra. E é que a iniciación, xa se sabe, é meter a man nos niños. Ou no colo de Marité, en versión Alfonso Armada, unha das máis poderosas que eu teña lido ultimamente. E é que a experiencia pode ser todo. Agás linguaxe liñal senón violenta. Eis o caso.

VICENTE ARAGUAS

# Desobediencia

# S

Se coa chegada da primavera Edicións Positivas entregaba ós lectores a edición galega do *Canto de min mesmo*, de Walt Whitman, agora, ó comezo do verán, achéganos unha nova publicación de interese e doutro dos grandes autores norteamericanos da mesma época, estamos a falar de dous textos de Henry D. Thoreau, *Desobediencia civil* e *Vida sen fundamento*.

É de loar esta dedicación de Positivas que, con vocación de editor coherente -cómpre lembrar tamén a publicación, hai uns anos, da autobiografía de Gerónimo e mais de dous textos "paradisiacos" de Mark Twain-, vai dando ó lector retrincos do que podería se-la constitución progresiva desa realidade cultural que con estes e outros autores la poñendo os alicerces do que un século despois habería ser unha marea que o asolaría todo. ¿Para cando, logo, *Moby Dick*, algúns dos ensaios de Ralph Waldo Emerson ou Huckleberry Finn?

Henry David Thoreau (Concord, Mass., 1817-1862) é ben coñecido polo libro *Walden; or, Life in the Woods* (1854), que é o relato do seu retiro nunha cabana á beira da lagoa de Walden, un par de millas ó sur de Concord, durante os anos que van de 1845 a 1847, retiro co que Thoreau pretendía "encontrarse cara a cara consigo mesmo" ó se por á marxe da sociedade. En Walden narra a súa experiencia como agricultor e botánico amais dos pormenores da súa vida solitaria

ou as súas observacións da natureza (os sons, os cheiros, o aspecto cambiante da fraga e da lagoa durante as diferentes estacións), expoñendo as razóns que o levan a aquel tipo de vida autosuficiente. Tiña daquela vinteito anos e xa había ben tempo que a súa biografía estaba marcada pola amizade con Ralph Waldo Emerson, o filósofo norteamericano que, en palabras do crítico literario Harold Bloom (*How to Read and Why*, edición española: *Cómo leer y por qué*, páx. 94), ideou "a relixión norteamericana da confianza en si mesmo [...] Emerson ensina a autoconfianza: non te busques fóra de ti".

Por cousa de Walden, do que case un século despois (no 1948) habería unha réplica colectiva no Walden Two do psicólogo conductista B. F. Skinner, Thoreau viraría en exemplo para o movemento hippie dos anos sesenta, que o volvería poñer de actualidade. Esta actitude de Thoreau cara ó autoconhecimento tamén poderíamos considerala un antecedente do máis recente, e galego, retiro de Ignacio Castro, recollido en libro co título de *Roxe de Sebes* (Noitarenega, 2001). Pablo Seoane, autor da introdución á versión galega dos textos do concordino, e traductor deles, engade outros casos de parentesco coma *Claros del bosque*, de María Zambrano, *O retiro na fraga*, de Ernest Jünger, e as *Vereas na fraga*, de Heidegger; aínda que, para nós, estes dous últimos autores tiren por un desvío en dirección contraria á do carreiro que seguía Thoreau.

Así e todo, o que aquí máis nos interesa daquel feito é que, aproximadamente cando Thoreau estaba á metade do seu retiro en Walden, o recadador de trabucos de Concord foille reclama-lo pagamento da contribución municipal, imposto que o noso autor levaba varios anos sen satisfacer. Os motivos daquela visita extemporánea son ben fáciles de supoñer, tendo en conta que a distancia que separaba o solitario da súa vila de orixe non era de abondo como para que aquela presenza non resultase incómoda ós seus veciños. Thoreau negouse a salda-la débeda e, como consecuencia, tivo que pasar a noite na cadea, ata que ó outro día unha dona sen identificar, probablemente unha súa tía, pagou os trabucos atrasados.

Consecuencia desta experiencia é precisamente *Desobediencia civil* (*Civil Disobedience*, publicada orixinalmente co título *Resistance to Civil Government*, 1849), texto que, xunta *Vida sen fundamento* (*Life Without Principle*, 1863; a edición galega dubida entre "fundamentos", tal como aparece na cuberta e na portada do libro, e "fundamento", tal como figura no inicio do propio texto), ve agora luz en galego. As preocupacións de Thoreau no primeiro destes ensaios céntranse no respecto pola lei, non pola xustiza, que segundo o inspira un goberno no que é a maioría a que decide en tódolos casos. Para ilustrar isto e defender ó tempo a súa afirmación contraria de que "Non é desexábel cultivar o respecto pola lei, senón pola xustiza", bota man dun exemplo abofé que ben ilustrativo: "Consecuencia normal e natural dun indebido respecto pola lei é unha fileira de soldados [...] marchando todos á guerra con orde admirábel por montes e vales en contra da súa vontade; marchando en contra do seu sentido común e das súas conciencia, e que fai que a marcha

"O Estado non será nunca realmente libre e ilustrado ata que consinta en recoñecer ao individuo como un poder máis alto e independente, do cal todo o seu poder e autoridade derivan" son os alicerces dun texto no que se condena o nacente imperialismo norteamericano

sexa verdadeiramente dura e lles encolla o corazón".

A capacidade enorme de Thoreau para nos facer decatarse de que as ideas máis comúns son as que inspiran aquelas condutas que precisamente deben ser revisadas, o seu sentido da crítica unido a certa retranscrición -máis evidente no ensaio *Vida sen fundamento*- e máis a confianza no individuo que o leva a soste-lo que "O Estado non será nunca realmente libre e ilustrado ata que consinta en recoñecer ao individuo como un poder máis alto e independente, do cal todo o seu poder e autoridade derivan" son os alicerces dun texto no que se condena o nacente imperialismo norteamericano, xusto na mesma época da guerra na que México perdía as dúas quintas partes do seu territorio, que pasaban a formar parte dos E U A, e no que o escravismo tamén é obxecto dunha crítica feroz e necesaria, pero no que aínda non se chega a cuestionar-la que Thoreau, se cadra cun chischo de idealismo, chama "sociedade comercial": "Unha sociedade comercial non ten conciencia, pero unha sociedade comercial de homes con conciencia é unha sociedade con conciencia".

Pola súa banda, o ensaio en forma de conferencia titulado *Vida sen fundamento*, quizais de lectura máis doada por non estar tan condicionado polos acontecementos da época como o está *Desobediencia civil*, dá ó lector argumentos abondos contra a acumulación compulsiva de bens, contra o culto ó traballo ou, como se di atinadamente na introdución, alerta das manobras de distracción de que se vale o estado para erradicar-lo feo vicio do pensamento e manter así o home lonxe de si, quere dicir, alienado.

Ó cabo, o obxectivo dos textos de Thoreau é o de todo autor que, preguntándose sobre si e sobre o mundo, non dubida en dici-lo que pensa ("O maior eloxio que me fixeron nunca foi nunha ocasión na que algún me preguntou o que eu pensaba e agardou a miña resposta.") e non o que os máis esperan oír, para esa maneira aprender a vivir mellor ("As maneiras nas que a maioría dos homes gañan a vida: as maneiras en que viven, son simples tapadeiras, un xeito de evita-lo negocio real da vida; principalmente porque non saben, pero tamén porque non queren, aprender nada mellor").

O libro fornece tamén un excelente material de axuda ó lector. Unha chea de notas daxe-xan tanto as referencias literarias coma as históricas, entre elas a da curiosa afección de Thoreau a entoa-la cántiga sobre "O enterro de Sir John Moore" na Coruña, composta polo poeta irlandés Charles Wolfe no ano 1817. Engádesse, ademais, unha cronoloxía final na que se contextualiza debidamente tanto a vida coma a obra do autor, e na que é ben importante que o lector non pase por alto un feito: polas datas nas que se publicaba esta *Desobediencia civil*, uns individuos chamados Karl Marx e Friedrich Engels tiraban do prelo en Londres *O manifesto comunista* (Xerais, 1998).

hADRIÁN IOUREIRO

